

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 09/12/2019 14:37:22

SAIDA

13278/19

D. Miguel A Delgado González
Plataforma en Defensa del Sector
Marítimo Pesquero de Galicia
(PLADESEMAPESGA)
C/Juan castro Mosquera 28, 2º Dcha
15.505 A Coruña

Reclamante: D. Miguel Ángel Delgado González (Pte. Pladesemapesga)
Expediente: RSCTG 108/2019

ASUNTO

Solicitud de execución da resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Recibido o seu escrito de data 27 de novembro de 2019, no que solicita a execución forzosa da Resolución da Comisión da Transparencia do 30 de outubro de 2019 no expediente RSCTG 108 /2019, infórmolle que o día 29 de novembro de 2019 ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo un escrito da Fundación Pública Galega Camilo José Cela, no que comunica que para dar cumprimento á referida Resolución, realizou un primeiro intento de notificación, que foi rexeitado polo interesado en data 23 de novembro de 2019. Posteriormente remitiu un correo electrónico o 26 de novembro de 2019 enviado ao enderezo electrónico que consta na solicitude presentada por REXEL, tamén sen resposta. Realizou un terceiro intento de notificación, que foi rexeitado polo destinatario en data 27 de novembro de 2019. Dos ditos intentos de notificación e do seu rexeitamento, a Fundación remite copia.

De conformidade co disposto no artigo 41.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando o interesado ou o seu representante rexeite a notificación dunha actuación administrativa, farase constar no expediente, especificándose as circunstancias do intento de notificación e o medio, dando por efectuado o trámite e seguándose o procedemento.

De acordo co anterior, considérase efectuado o cumprimento da resolución da Comisión da Transparencia de Galicia do 30 de outubro de 2019, no expediente RSCTG 108/2019

76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ
(R: S6500009C)

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2019.12.09 11:56:59 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia